certificación forestal pefc

ambientalmente apropiado

socialmente beneficioso

economicamente viable

PEFC é un sistema de certificación voluntaria da xestión forestal sustentable, que garante o mantemento da biodiversidade, a produtividade, e a protección dos bosques para o gozo das xeracións presentes e futuras.

PEFC é o maior sistema de certificación do mundo, con mais de 191 millóns de hectáreas certificadas e preto das 2.800 cadeas de custodia.

¿Que certifica PEFC?

A xestión sustentable que se realiza no monte e o seguimento da madeira e dos produtos derivados (cadea de custodia) ata que chegan ao consumidor final.

¿Como se pode certificar?

Os propietarios ou xestores forestais, poden certificarse de forma individual, agrupada ou baixo a modalidade rexional, que agrupa a todos os interesados dunha rexión.

As empresas poden certificar a súa cadea de custodia de forma individual ou agrupada.

En Galicia podes adscribirte á certificación rexional a través da Entidade Galega Solicitante da Certificación Forestal Rexional PEFC.

En Galicia actualmente hai 36 Cadeas de Custodia e 115.412 hectáreas certificadas.

¿Por que certificar?

- Contribúese a que se realice unha xestión sustentable nos bosques.
- Obtense produtos madeireiros cunha orixe clara e transparente.
- Axúdase a combater o comercio de madeiras procedentes de talas ilegais.
- Contribúese a fomentar o desenvolvemento e a fixación da poboación nas áreas rurais.

CRITERIOS PEFC

1 **Mantemento e mellora adecuada dos recursos forestais e a súa contribución aos ciclos globais do carbono**

2 **Mantemento da saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais**

3 **Mantemento e potenciación das funcións produtivas dos montes (madeirables e non madeirables)**

4 **Mantemento, conservación e mellora apropiada da diversidade biolóxica nos ecosistemas forestais**

5 **Mantemento e mellora apropiada de funcións de protección na xestión do bosque (sobre todo solo e auga)**

6 **Mantemento doutras funcións e condicións socioeconómicas**

Os produtos de madeira son máis respectuosos co medio que os materiais competidores

MEMBROS DO PECF GALICIA

AFRIFOGA. Asociación para o Fomento da Riqueza Forestal de Galicia.
APROCA. Asociación de Propietarios Rurais e Produtores de Caza de Galicia.
ASEFOGA. Asociación Sectorial Forestal Galega.
ASEMFO-Galicia.
Asociación Forestal de Galicia.
Asociación Galega Monte Industria.
C.I.N.A.M. - Lourizán. Centro de Investigación e Información Ambiental.
CIS-MADERA. Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira.
CLUSTER da madeira de Galicia.
Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.
FEARMAGA. Federación Empresarial de Serradores e Rematantes de Madeira de Galicia.
Federación Galega de Caza.
Grupo Empresarial ENCE, S.A. (C.I.T.)
MAN COMÚN. Asociación Galega de Comunidades de Montes Veciñais.
SERFOGA. Asociación de Empresas Forestais de Galicia.
SILVANUS. Asociación Profesional de Silvicultores de Galicia.
TRAGSA-CEMDA. Centro de Mellora e Desenvolvemento Agroambiental.
U. VIGO. E. Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal.
Unións Agrarias.
UNITEGA. Unión de Tecores Galegos.
USC. E. Politécnica Superior.
VIFOGA. Asociación de Viveiros Forestais de Galicia.
Xóvenes Agricultores.
XUNTA DE GALICIA (D.X.M.I.F.)

PEFC
PEFC/14-44-00001
"Promoviendo la gestión forestal sostenible"

PEFC GALICIA

Rúa Lope Gómez de Marzoa
Edificio FEUGA, despacho 15
15705 Santiago de Compostela
Tel: 981 523 736
e-mail: galicia@pefc.es

Subvencionado por:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

seisesete diseño gráfico

certificación forestal pefc

Garantía mundial de futuro